

ACTA DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS AO SECTOR ESCÉNICO E MUSICAL, NA SUA MODALIDADE “F-1” (AXUDAS AO ESTUDO/FORMACIÓN) PARA O ANO 2007, PUBLICADAS POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO IGAEM DO 15 DE DECEMBRO DE 2006 (D.O.G. Nº 12, DO 17 DE XANEIRO DE 2007).

En Santiago de Compostela, na Sala de Xuntas do **IGAEM**, sendo as 09:00 horas do día 16 de maio de 2007, reúnense en segunda sesión ou xuntanza sinalada no día de hoxe as persoas relacionadas seguidamente e que compoñen a Comisión de Valoración designada para a avaliación e conseguinte puntuación final dos proxectos presentados para as axudas ao sector escénico e musical, na súa modalidade “**F-1**” (*axudas á formación*), correspondentes ao ano 2007; estando presentes os seguintes membros:

PRESIDENTE: D. Miguel Angel Martín Fernández (Xerente do **IGAEM**)

VOGAIS: D. Xavier Campos López (Xefe do Gabinete Técnico do **IGAEM**)
D^a María Paredes Rodríguez (Coordinadora de actividades externas do **IGAEM**)
D^a. Marcelina Calvo Domínguez (Coordinadora de actividades internas do **IGAEM**)

SECRETARIA: D^a Paula Villasenín Parrado (Asesora do Departamento Xurídico do **IGAEM**)

Procédese en primeiro lugar a dar por aberta a sesión, e seguidamente dáse conta da relación de solicitudes que entraron no rexistro do **IGAEM**, poñéndose de manifesto que as instancias que presentaron a documentación dentro de prazo e que tiveron entrada ate o día de hoxe nas dependencias do **IGAEM** para participar na citada convocatoria, na modalidade **F-1 (Axudas ao estudo e á formación)** comprenden -segundo consta na certificación rexistral aportada polo encargado do Rexistro do **IGAEM** do 26 de marzo de 2007- un total de **TRECE (13)**, resultando as seguintes:

F.1.- Axudas á formación:

- 1.- JOSÉ LUÍS DE LA TORRE
- 2.- XURXO PIÑEIRO SANTOS
- 3.- VICENTE COLOMER BUSONS
- 4.- JAIME PABLO DÍAZ RODRÍGUEZ
- 5.- JOAQUÍN MARTÍNEZ SILVA
- 6.- MURIEL SÁNCHEZ SÁNCHEZ
- 7.- TAMARA LORENZO GABEIRAS
- 8.- JOSÉ VÍCTOR LORENZO MOSQUEIRA
- 9.- ABRAHAM FERNÁNDEZ LÓPEZ
- 10.- ALFONSO MERINO GARCÍA
- 11.- ALFONSO FRANCO VÁZQUEZ
- 12.- CARLOTA PÉREZ FERNÁNDEZ
- 13.- M^a MERCÉ PÉREZ PÉREZ

Compróbase que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas de correos e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei

30/1992, do 26 de novembro, dentro do prazo establecido nas bases, enviándose por medio de fax -ou por outro medio notorio que permitira ter constancia fidedigna da remisión da documentación presentada dentro do prazo límite de presentación- as instancias debidamente cumprimentadas (o prazo final de presentación das instancias para este tipos de modalidade rematou o día 17 de febreiro de 2007, segundo o previsto na base Quinta do Capítulo III da convocatoria); polo que todas elas quedarían admitidas, nun primeiro momento, na presente convocatoria.

Seguidamente procédese a comprobar e iniciar a revisión da documentación presentada polas persoas aspirantes á presente convocatoria de axudas, correspondente á documentación complementaria requirida dentro do prazo de dez días hábiles, segundo o establecido para o efecto na Base Sétima, epígrafe 1.2º, así como a documentación específica consignada no punto 5º do Capítulo X da convocatoria de axudas ao sector escénico e musical para o presente ano; deducíndose e observándose respecto deste punto que todas elas tiveron entrada nas dependencias deste rexistro, noutro rexistro oficial ou nas oficinas e servizos consignados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, dentro do prazo establecido, coa excepción das persoas solicitantes: **Alfonso Merino García, Alfonso Franco Vázquez e Carlota Pérez Fernández**: estes aspirantes, tendo expirado o prazo máximo do requirimento establecido no mesmo, non se aportou por ningún deles a documentación preceptiva e requirida; polo que se establece que as restantes instancias queden admitidas nesta convocatoria, pasando á fase final de baremación dos proxectos, coa excepción das instancias presentadas por **don Alfonso Merino García, don Alfonso Franco Vázquez e dona Carlota Pérez Fernández**, por non ter presentado a documentación requirida no prazo establecido regulamentariamente, en cumprimento da Cláusula SÉTIMA, epígrafe 1.2º das presentes bases.

A continuación, e tras un exame inicial da documentación aportada polas persoas participantes, acórdase **EXCLUÍR** a **don JOSÉ L. DE LA TORRE, dona TAMARA LORENZO GABEIRAS e dona Mª MERCÉ PÉREZ PÉREZ** para esta submodalidade de axudas, xa que non cumpren cos requisitos esenciais e necesarios esixido nas bases da Convocatoria. En concreto, os solicitantes incumpren o punto 2º do Capítulo X, apartado b), en relación cos requisitos esixidos aos beneficiarios da modalidade *F-1 (axudas á formación)*; establecendo que, para este subtipo, deberán acreditar o feito de:

“...traballar ao longo do ano anterior ao momento da solicitude un mínimo de 4 meses por conta propia ou por conta allea, en actividades relacionadas coa creación, produción, distribución ou exhibición de espectáculos de teatro, danza e música. Este requisito entenderase cumprido cando o solicitante acredite polo menos 20 días de alta no réxime especial de artistas distribuídos ao longo dun mínimo de 4 meses no ano inmediatamente anterior ao momento de presentación da solicitude...”

Trala lectura pormenorizada da documentación específica achegada polos solicitantes afectados por esta causa de exclusión, dedúcese ou infírese que non cumpren co requisito de ter traballado ao longo do ano 2006 un mínimo de 4 meses, por conta propia ou allea, á vista do certificado de vida laboral que nalgún dos supostos se acompaña coa documentación requirida, e noutros supostos adoece a súa presentación polos interesados;

polo que cómpre concluír que, por unanimidade dos membros da comisión, procede acordar o rexeitamento das devanditas solicitudes e a súa exclusión das axudas por incumprimento do punto 2º.b), Capítulo X das presentes bases.

Finalmente, procédese a iniciar a avaliación e baremación dos proxectos presentados polos aspirantes, con base na documentación achegada por cada un deles; e resultando do exame inicialmente efectuado (respecto dos proxectos e solicitudes presentados para a modalidade **F-1**), o seguinte informe de adxudicación provisional de axudas, emitido pola Comisión de Valoración consonte co establecido nas cláusulas 7ª apartado 3 e 8ª apartado 4, así como no epígrafe 4º.a) do Capítulo X da convocatoria, que se xunta á presente acta no cadro relacionado como **ANEXO I** -como parte inseparable dela-, e elevándose ao órgano instructor para que, á súa vez, emita a proposta de resolución ao Consello Reitor do **IGAEM**.

E sendo as 10:00 horas do día 16 de maio de 2007, e non tendo máis que valorar e non habendo outras incidencias, procédese a dar por rematada a presente xuntanza, levantándose e asinándose esta acta, en representación dos restantes membros, polo Presidente e a Secretaria da Comisión de Valoración para constancia de canto antecede e en proba de conformidade co seu contido.

O Presidente da Comisión
Asdo.: Miguel Martín Fernández

A Secretaria da Comisión
Asdo.: Paula Villasenín Parrado

ANEXO I

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN AXUDAS AO ESTUDO E Á INVESTIGACIÓN

*(Valoración dada ás instancias presentadas na **modalidade F-1**, consonte cos criterios previstos no apartado 4º do Capítulo X da convocatoria de axudas do **IGAEM** ao sector escénico e musical):*

1.- Modalidade F-1 (Axudas á formación):

PERSOA SOLICITANTE	Nº REX.	PUNTUAC. OBTIDA	CONTÍA SO-LICITADA	CONTÍA CONCEDIDA
<i>Martínez Silva Joaquín</i>	408	80	4.800 €	3.000 €
<i>Sánchez Sánchez Muriel</i>	424	80	11.350 €	3.000 €
<i>Lorenzo Mosqueira José Víctor</i>	500	80	3.690 €	2.500 €
<i>Piñeiro Santos Xurxo</i>	392	70	17.632,54 €	3.000 €
<i>Colomer Busoms Vicente</i>	396	70	3.000 €	2.250 €
<i>Díaz Rodríguez Jaime Pablo</i>	397	70	3.000 €	2.250 €
<i>Fernández López, Abraham</i>	523	70	2.400 €	1.474 €
<i>De la Torre, José Luís</i>	363	<i>Rexeitada*</i>		0 €
<i>Lorenzo Gabeiras Tamara</i>	498	<i>Rexeitada*</i>		0 €
<i>M^a Mercé Pérez Pérez</i>	605	<i>Rexeitada*</i>		0 €
<i>Merino García, Alfonso</i>	543	<i>Rexeitada**</i>		0 €
<i>Franco Vázquez, Alfonso</i>	544	<i>Rexeitada**</i>		0 €
<i>Pérez Fernández, Carlota</i>	575	<i>Rexeitada**</i>		0 €
IMPORTES TOTAIS=				17.474 €

* EXCLUÍDA por incumprimento dos requisitos xerais básicos previstos na convocatoria de axudas, Base 7ª, epígrafe 1.2º, do Capítulo III (non presentación da documentación preceptiva reclamada dentro do prazo estipulado no requirimento remitido á persoa solicitante).

** EXCLUÍDA por incumprimento dun dos requisitos específicos da modalidade F-1, recollido no punto 2º, apartado b) do capítulo X (non ter traballado ao longo do ano inmediatamente anterior ao momento da solicitude un mínimo de catro meses por conta propia ou allea, ou non ter acreditado tal requisito).